

A AUGA DO POZO

Un día de choiva a auga que caía encheu un pozo que había tempo que estaba seco. Cando estivo cheo díxolle á auga:

- Por que me enchiches?
- Porque te vin tan seco que prometín que te enchería cando chovera.

Pouco a pouco a auga foise transformando en vapor para logo volverse nube. E o pozo preguntou

- Por que te vas ao ceo auga?
- Porque o sol, o rei do ceo, lévame con el para converterme en nube, coma as que están aló enriba.

Cando a auga estivo no ceo, o día volveuse noite e comezou a chover moi forte.

O pozo quedou entón convertido nun fermoso lago azul, tan azul como era o ceo, e encheuse de animais: cisnes, parrulos ... e no fondo medraron moitas plantas acuáticas.

Todos os animais que chegaron ao lago para beber e vivir nel estiveron moi felices para toda a súa vida.

